

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 5 de xaneiro de 2017

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D. Angel Rivas González.
D. Jaime Aneiros Pereira.

Invitados

D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día cinco de xaneiro de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario de Admón. Municipal, Sr. Lorenzo Penela, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN E MELLORA DA EBAR DE TEIS. EXPTE. 3133/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 12/12/16, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo Administrativo e Orzamentario da Área de Fomento, de data 28/11/16, conformado polo xefe do Servizo xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro delegado da Área de Fomento, Contratación e Limpeza, que di o seguinte:

Antecedentes

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 21 de novembro de 2011, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período de cinco anos, a partir do día seguinte ao do vencemento do contrato; acordo, cuxo apartado terceiro, no epígrafe «Outros investimentos», contempla a obriga da concesionaria de levar a cabo, na contía e prazos

que no mesmo se sinalan, aquelas actuacións que se consideren de urxencia e execución inaprazable pola Xunta de Goberno Local, previo informe dos servizos técnicos municipais.

II.- Con data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou prestar aprobación á ordenación do procedemento a seguir nas obras arriba referidas, que se incluírían no Plan de Investimentos da Concesión da Xestión Integral do Servizo Público de Abastecemento e Saneamento de Augas de Vigo, así como os gastos repercutibles ao Concello; procedemento e gastos repercutibles que se especifican na parte expositiva do mesmo acordo e dos que se deu conta á concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE, para a súa observancia e estrito cumprimento.

En sesión de 22 de marzo seguinte a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria.

III.- Con data 4 de marzo de 2015, o enxeñeiro municipal, don Jerónimo Centrón Castaños emitiu informe do que se desprende a urxencia e a necesidade inaprazable da execución da ampliación e mellora da EBAR de Teis; informe á vista do cal o concelleiro delegado da Área de Fomento, por medio de orde de servizo de 9 de marzo seguinte, resolveu iniciar o procedemento para o encargo da redacción do correspondente proxecto de obras, que deu lugar á resolución da Xunta de Goberno Local, de 13 de marzo de 2015, no que se acordou «Encargar á empresa concesionaria da Xestión Integral de Abastecemento e Saneamento de Auga Aqualia FCC a redacción do proxecto para a “AMPLIACIÓN E MELLORA DA EBAR DE TEIS”, considerado de urxencia e execución inaprazable».

IV.- Con data 15 de outubro de 2015 Aqualia FCC-Vigo UTE presentou o proxecto de obras de referencia, redactado polo Enxeñeiro industrial don Casimiro Fontenla Bugallo, baixo a dirección do Enxeñeiro Industrial/Xefe de Área de Fomento, don Álvaro Crespo Casal, cun presuposto de 91.393,82 euros, IVE excluído, e un prazo de execución de dous meses.

V.- Coa mesma data, a Concesionaria presentou tamén o detalle dos custos asociados á actuación (redacción do proxecto, asistencia técnica, geotécnica e coordinación de seguridade e saúde) por un importe de 4.613,24 euros, IVE excluído.

VI.- As actuacións obxecto do proxecto consisten substancialmente na construción dun pozo de grosos e, unha vez executado este e garantida a protección dos equipos hidráulicos, a substitución dos equipos existentes por outros de potencia similar, pero de rendemento superior, a fin de optimizar o consumo enerxético e incrementar a capacidade de evacuación de auga, reducindo o risco de vertidos ao mar.

VII.- A enxeñeira municipal, co conforme do Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal, con data de 14 de novembro de 2016, informa que no proxecto se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario e a normativa técnica de aplicación ao proxecto; que os prezos dos materiais e unidades de obra son os adecuados para a execución do contrato de obras e ao cadro de prezos aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión de 22 de marzo de 2013; que os custos asociados á actuación se axustan ás porcentaxes aprobadas pola Xunta de Goberno Local no acordo de 8 de marzo de 2013 e, canto ao estudo xeotécnico —non previsto o seu custe en porcentaxe no dito acordo— que o seu custe axústase aos valores de mercado; e, por último, que o proxecto reúne todos os requisitos esixidos polo Real Decreto legislativo

3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e polo Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Consideracións Técnicas e Xurídicas

Primeira.- O procedemento para a aprobación do proxecto de obras a que se refire o presente expediente, observou os trámites fixados pola Xunta de Goberno Local, no acordo arriba referido de 8 de marzo de 2013, adoitado para a contratación das obras do Plan de Investimentos de Aqualia FCC-Vigo UTE, sinaladamente o da declaración da súa urxencia e inaprazable execución, que tivo lugar en sesión do mesmo órgano de 13 de marzo de 2015.

Segunda.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 123 e 125 TRLCSP e 125 a 137 do regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

Terceira.- O proxecto de obras, tal e como resulta do informe da enxeñeira municipal, co conforme do Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal, de data de 14 de novembro de 2016, responde aos obxectivos propostos, comprende unha obra completa e toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario e a normativa técnica de aplicación ao proxecto tal e como resulta da táboa que figura no informe, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta ubicación no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

Polo demais, segundo se especifica no mesmo informe, os prezos dos materiais e unidades de obra son os adecuados ao proxecto e axústanse ao cadro de prezos aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión de 22 de marzo de 2013; os custos asociados á actuación observan ás porcentaxes máximas aprobadas pola Xunta de Goberno Local no acordo de 8 de marzo de 2013; e, canto ao estudo xeotécnico, —non previsto o seu custe en porcentaxe no dito acordo— o custe do mesmo axústase aos valores de mercado.

Cuarta.- A aprobación do proxecto, de conformidade co repetido acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de marzo de 2013, sobre “Ordenación do procedemento de contratación a seguir nas obras do Plan de Investimentos de Aqualia FCC-Vigo UTE”, corresponde á Xunta de Goberno Local (apartado III.b).

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Aprobar o proxecto técnico para a execución das obras de «Ampliación e mellora da EBAR de Teis», cun presuposto de 91.393,82 euros, IVE excluído, e un prazo de execución de dous meses, con cargo aos compromisos de investimentos asumidos por Aqualia FCC-Vigo UTE na cláusula terceira do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 21 de novembro de 2011, de prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada ao seu favor.

Segundo.- Aprobar os custos asociados ao proxecto por importe de 4.613,24 euros con exclusión do IVE, segundo o seguinte detalle:

Custo asociado	Responsable do traballo	Honorarios
Redacción de proxecto	ESINPRO	1.536,03 €
Asistencia técnica á D.O.	ESINPRO	1.536,03 €
Xeotécnica	GALAICONTROL	700,00 €
Coordinación de seguridade e saúde	CSM	384,01 €
	SUMA	1.860,82 €
	11% Gastos de Xestión	457,11 €
	TOTAL (IVE excluído)	4.613,24 €

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo a “Aqualia FCC-Vigo UTE”, con indicación de que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, no prazo dun mes, a contar do seguinte ao da súa notificación, ou impugnaloo directamente ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquer outro que estimen procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

2.- RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS DENDE NOVEMBRO A DECEMBRO 2016. EXPTE. 132791/301.

Dáse conta do informe-proposta de data 30/12/16, asinado pola técnica de Servizos Económicos e pola concelleiro delegada da Área de Política Social, que di o seguinte:

Cumprindo as instrucións da base 31 das de execución do presuposto en vigor, dáse conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Benestar Social nos meses de: novembro-décembro de 2016

DEPARTAMENTO: **BENESTAR SOCIAL** FUNCIONAL: **2310 / 2016**

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
21/12/2016	REPARACIÓN EDIFICIO MARQUES DE VALTERRA	2120002	201600124410	9.333,94	MANTENIMIENTO, RECUPERACIÓN Y SERVICIOS, S. COOP.
15/12/2016	REPARACIONES ADICIONAIS CLIMATIZACION UBAS	2130001	201600121936	6.766,37	CALOR Y AMBIENTE, S.L.
02/12/2016	SUMINISTROS	2219900	201600112473	1.200,00	VARIOS
20/12/2016	CAMPAÑA PUBLICITARIA COIDADORES BARRIO	2260200	201600126734	10.000,00	RIAS BAIXAS COMUNICACIÓN, S.A.

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
21/10/2016	CAMPAÑA PUBLICITARIA COIDADORES DE BARRIO	2260200	201600126735	10.000,00	RIAS BAIXAS COMUNICACIÓN, S.A.
04/11/2016	PROGRAMA ACTIVA PLDA	2279906	201600100306	900,00	AMAINA – ASOCIACIÓN PARA A PROMOCIÓN DA SAÚDE
21/12/2016	ADQUISICION MATERIAL DIVULGATIVO PLDA	2279906	201600126004	7.998,95	JULINDA MOLARES CARDOSO
15/12/2016	REEDICIÓN GUIAS INMIGRANTES	2279917	201600121935	15.010,05	QUADERNAS CONSULTORIA, S.L.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

3.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN Nº 1069/2016, DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO CENTRAL DE RECURSOS CONTRACTUAIS. EXPTE. 17500/332.

Dáse conta do informe-proposta de data 2/01/17, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

1º.- Tomar razón da Resolución nº 1069/2016 Do Tribunal Administrativo Central De Recursos Contractuales (TACRC), recaída no recurso nº 865/2016, interposto por D.ª Olga Carmen Zaragoza Giner, en representación da UTE GESTIÓN DE ESCUELAS INFANTILES MUNICIPALES, contra o acordo de exclusión do procedemento de adxudicación do contrato de servizo para a xestión da escola infantil municipal Santa Marta-Casco Vello, adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo o 1 de xuño de 2016. Na mesma o TACRC estima o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

“Primeiro.- Estimar o recurso interposto pola UTE GESTIÓN DE ESCUELAS INFANTILES MUNICIPALES, contra o acordo de exclusión do procedemento de adxudicación do contrato de servizo para a xestión da escola infantil municipal acordado polo Concello de Vigo e ordear retrotraer as actuacións ata o momento previo a dita exclusión aos efectos de que o órgano de contratación conceda prazo de subsanación para que a UTE recorrente poida presentar o seu compromiso de constitución en UTE.

Segundo.- Levantar a suspensión do procedemento, de conformidade co artigo 47.4 do TRLCSP.

Terceiro.- Declarar que non se aprecia a concorrencia de mala fe ou temeridade na interposición do recurso polo que non procede a imposición da sanción prevista no artigo 47.5 do TRLCSP”.

2º.- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación aos efectos de dar cumprimento ao disposto pola citada resolución”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4.- RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS DENDE NOVEMBRO A DECEMBRO 2016. EXPTE. 2219/334.

Dáse conta do informe-proposta de data 30/12/16, asinado pola técnica do Servizo de Normalización Lingüística e a concelleira delegada de dito servizo, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2005, aprobadas polo Pleno con data 28/02/2005, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Normalización Lingüística e autorizados pola concelleira-delegada de Normalización Lingüística, nos meses de novembro e decembro de 2016.

Expediente	2147-334. Actividades dinamizadoras co comercio
Decreto concelleira	data 3 de novembro de 2016
Informe Intervención	RC 101805
Adxudicatario	Antaxurad, S.L.U. (nome comercial: Xandobela)
Importe	2.398,00 euros

Expediente	2148-334. Actividades <i>No Nadal... un conto</i>
Decreto concelleira	data 3 de novembro de 2016
Informe Intervención	RC 101806
Adxudicatario	Varias empresas
Importe	10.000,00 euros

Expediente	2152-334. Accións dinamizadoras da lingua galega para xente miúda
Decreto concelleira	data 21 de novembro de 2016
Informe Intervención	RC 113276
Adxudicatario	URDIME, propostas culturais para a infancia e a xuventude
Importe	1.839,00 euros

Expediente	2165-334. <i>Arrolando contos</i> actividade dinamizadora da lingua galega dirixida ao público infantil nas datas próximas a Nadal
Decreto concelleira	data 5 de decembro de 2016
Informe Intervención	RC 120298
Adxudicatario	Migallas Teatro, S.L.
Importe	2.395,80 euros

Expediente	2171-334. Subministro de pinturas de cores para promover un maior coñecemento da Concellaría de Normalización Lingüística
Decreto concelleira	data 13 de decembro de 2016
Informe Intervención	RC 123007
Adxudicatario	Carlingal, S.L.
Importe	1.210,00 euros

Expediente	2178-334. Campaña institucional de publicidade do programa <i>No Nadal... un conto</i>
Decreto concelleira	data 15 de decembro de 2016
Informe Intervención	RC 124401
Adxudicatario	Radio Vigo, grupo de comunicación
Importe	8.000,01 euros

Expediente	2187-334. Reedición dos libros de toponimia de Coia, Lavadores e Beade
Decreto concelleira	data 20 de decembro de 2016
Informe Intervención	RC 126008
Adxudicatario	Tórculo, comunicación gráfica, S.A.
Importe	4.135,58 euros

Expediente	2197-334. Material publicitario da campaña <i>O galego dá xogo</i> , na que se combina a práctica deportiva, mocidade e lingua
Decreto concelleira	data 26 de decembro de 2016
Informe Intervención	RC 128000
Adxudicatario	Bieitonova, S.L.
Importe	6.200,40 euros

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

5.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN RENOVACIÓN DE SUBVENCIÓN DE AMTEGA PARA A XESTIÓN DA AULA CEMIT ATA O 31/12/17. EXPTE. 7541/320.

Examinadas as actuacións do expediente do expediente, visto o informe xurídico do 22/12/16, e o informe de fiscalización do 28/12/16, dáse conta do informe-proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá, de data 21/12/16, conformado polo concelleiro de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 7 de febreiro de 2014, adoptou entre outros os seguintes acordos (número expediente: 6971-320):

1º.- Aprobar a presentación da solicitude de consideración como aula CeMIT, xunto coa achega prevista no convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia e a FEGAMP, para o desenvolvemento do plan de inclusión dixital no eido da Administración Local.

2º.- Encomendar ao servizo de Participación e Atención Cidadá a tramitación da solicitude de adhesión.

Con data 04/03/2014, e número de documento 140026929, se ten recibido no expediente 62/2014 a Notificación de resolución da Asociación para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), entidade que ten asumido a xestión da rede de centros CeMIT, ten asinado un convenio de colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para o Desenvolvemento do Plan de Inclusión Dixital, no eido da Administración Local de Galicia, pola que:

- 1. Considera a aula CeMIT do Concello de Vigo, como aula de referencia de acordo coa cláusula terceira do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP. e Xustiza, AMTEGA e a FEGAMP, para o desenvolvemento do Plan de Inclusión Dixital no eido da Administración Local.*
- 2. Aprobar a concesión dunha subvención por importe de 15.000,00 € condicionado o seu pagamento ás especificacións establecidas no Anexo I.*

Con data 14/12/2015, a Xunta de Galicia, ten comunicado ao Concello de Vigo o acordo de "*Renovar de maneira automática a condición de aula de referencia Os concellos relacionados no Anexo I*", anexo no que se atopa o Concello de Vigo, co criterio a e unha subvención de 15.000 € (Aprobado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 22 de xaneiro de 2016 co número de expediente: 7270-320).

Con data 19/12/2016, recibíuse nova comunicación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica (AMTEGA) da Xunta de Galicia coa resolución de renovación da Aula CeMIT de referencia e concesión de unha nova subvención ao prorrogarse a vixencia do Convenio ata o 31 de decembro de 2017 coa sinatura da IV Addenda o día 19 de setembro de 2016.

O desenvolvemento das actividades propias da aula CeMIT do Concello de Vigo, se atopan incluídas dentro das competencias propias do Concello de Vigo, conforme establece a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, no seu artigo 25 apartado "ñ) *Promoción en su término municipal de la participación de los*

ciudadanos en el uso eficiente y sostenible de las tecnologías de la información y las comunicaciones.”, xa que a finalidade da aula CeMIT, é converterla nunha ferramenta que permita aos galegos e galegas mellorar as súas competencias dixitais con independencia da súa idade, lugar de residencia ou situación económica, deste xeito nun instrumento esencial no acceso a produtos que satisfagan as súas necesidades persoais e profesionais, contribuíndo estratexicamente a:

- Aumentar a accesibilidade a Internet
- Avanzar na alfabetización dixital
- Diminuír a fenda dixital
- Mellorar a empregabilidade

Polo anteriormente exposto PROPOÑO a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Aceptar a axuda de 15.000,00 €, para o funcionamento da aula CeMIT, como aula de referencia, conforme a resolución da directora da Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia.
2. Encomendar ao servizo de Participación e Atención Cidadá a xestión da aula CeMIT e da axuda concedida, conforme ao establecido no anexo I da resolución.
3. Delegar no concelleiro de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos a representación do Concello de Vigo diante da Federación Galega de Municipios e Provincias, Secretaría Xeral de Modernización e innovación Tecnolóxica, na xestión da aula CeMIT do Concello de Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6.- ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e doce minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez